

QUERIDAS FAMILIAS:

Informámosvos de que fomos invitados/as polo CEIP Mestre Manuel García de Oia a asistir a unha representación da "Festa Escénica" no seu pavillón o luns 14 de xuño ás 11:15h.

Antes a actual situación COVID a saída foi levada ao Consello Escolar e as medidas de seguridade sanitaria acordadas foron as seguintes:

MEDIDAS SANITARIAS NO AUTOBÚS

- Será obrigatorio levar a máscara posta en todo momento.
- Pediráselle á empresa de transporte o autobús máis longo do que dispoñan (55 prazas) e as ventás estarán sempre abertas para facilitar a ventilación.
- Farase unha planificación previa da ocupación dos asentos co fin de que cada crianza vaia sentada no mesmo sitio nos dous traxectos e a distancia interpersoal sexa a máxima posible.
- Co obxectivo de manter separados os dous grupos de convivencia dividirase o autobús en dúas zonas:
 - Grupo A (Infantil - 1ºEP - 2ºEP): Subirá primeiro e pola porta dianteira. Ocupará os asentos próximos á persoa condutora.
 - Grupo B (3ºEP - 4ºEP - 5ºEP - 6ºEP): Subirá pola porta traseira e ocupará os asentos do fondo.

MEDIDAS SANITARIAS CONCERTADAS CO COLEXIO DE OIA

- A representación terá lugar no pavillón ás 11:15h e estará dividido en dous espazos separados: un para nós e outro para un grupo de infantil do colexio de Oia.
- Os nosos grupos de convivencia sentaranse separados.

Un saúdo

A dirección

AUTORIZACIÓN

Dna./D.

como persoa responsable de

alumno/a da aula de, autorizo a súa participación na saída organizada polo colexio para asistir o luns 14 de xuño á representación da "Festa Escénica" que terá lugar no pavillón do CEIP Mestre Manuel García en Oia.

Refoxos a de de 2021

Sinatura